

A PREHISTORIA

Que é a prehistoria?

É o período transcorrido entre a aparición dos primeiros antepasados dos seres humanos, hai uns cinco millóns de anos, e a invención da escritura, hai uns cinco mil anos.

Divídese en tres etapas: Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais.

O Proceso de hominización

A hominización é un longo proceso evolutivo polo que os nosos devanceiros adquiriron as características que nos diferencian doutros primates:

- O bipedismo. Ampliou o campo de visión e liberou as mans.
- O polgar oponible, que permitiu usar ferramentas
- O incremento do tamaño e a complexidade do cerebro, que posibilitou desenvolver o pensamento e a linguaxe.

Paleolítico

Esténdese desde a aparición dos nosos primeiros antepasados ata o descubrimento da agricultura e da gandaría.

- Formas de vida.
 - Agrupábanse en tribos, formadas pola unión de varios clans.
 - Vivían da recolección, da caza e da pesca; (máis da metade dos alimentos viña da recolección).
 - por ese motivo, eran nómades, é dicir, non vivían sempre no mesmo lugar.
- Elaboraron as primeiras ferramentas:
 - con pedra tallada:
 - cantos traballados: pedras que se partían ao golpealas con outras, deixando un fío cortante.
 - Bifaces, realizados en silex, que cortaban polas dúas caras
 - Tamén aprenderon a aproveitar as lascas que se desprenden ao traballaren o silex (puntas de frecha e lanza...)
 - e ósos e hastas de animais: agullas, arpóns, anzois,...
- Lograron controlar o lume. O que lles permitiu quentarse, cociñar alimentos e iluminar lugares escuros.
- Arte e crenzas.
 - Rendían culto ás forzas da natureza e aos astros, e practicaron os primeiros enterramentos (a partir do homo neanderthalensis).
 - Inventaron a arte: Facían Arte Rupestre, que se coñece como arte nas rochas, pintaban no interior das covas animais realistas e policromos (varias cores), e labraban pequenas esculturas femininas chamadas venus.

O territorio de España no Paleolítico. Destacan:

- En Atapuerca (Burgos) viviu hai 800000 anos o Homo antecesor.
- En Altamira (Cantabria) e noutras covas da cornixa cantábrica atopáronse pinturas rupestres realizadas polo Homo sapiens hai uns 40.000 anos
- En Galicia destaca a Cova de Eirós (Triacastela).

Neolítico

Esténdese desde a aparición da agricultura e da gandaría hai uns 10000 anos ata a elaboración dos primeiros obxectos de metal.

- Formas de vida.
 - Inventaron a agricultura e a domesticación de animais
 - O que propiciou a construción de pobladou ou aldeas,
 - e os grupos humanos convertéronse en sedentarios, é dicir, establecéronse de xeito permante nun lugar.
 - As persoas especializáronse en distintos traballos e desenvolveuse a propiedade privada. Isto xerou desigualdades sociais.
- Descubrimentos e inventos.
 - Fabricáronse ferramentas con pedra puída.
 - Machadas, sachos, fouciños
 - Muíños
 - Inventouse a cerámica. Modelada a man. Para gardar o gran, e cuncas para comer e cocinar.
 - comezaron a elaborar tecidos en teares.
- Arte e crenzas.
 - Pintaban figuras humanas esquemáticas e monocromas en escenas de danza, recolección ou caza. Tamén pintaban en abrigos rochosos ao aire libre. Algúns dos exemplos máis destacados están na zona levantina da Península Ibérica.
 - Rendían culto ás forzas da natureza e á deusa nai, cultos relacionados co cultivo das terras.
 - Enterraban os mortos en necrópoles. As tumbas tiñan enxoais formados por obxectos persoais.

O territorio de España no Neolítico

- Comezou hai uns 7000 anos. Consérvanse numerosos restos de cerámica desta etapa.